

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 12.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

- 1.1 23389 (10/PNC-001862)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos casos de persoas doentes que padecen enfermidades raras incapacitantes e que non están incluídas no sistema de prestacións previsto no Real decreto 1148/2011, así como o incremento pola Xunta de Galicia da partida orzamentaria destinada á investigación sanitaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.2 23644 (10/PNC-001873)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para previr e combater a ludopatía entre a mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.3 26416 (10/PNC-002041)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a axilización polo Goberno galego da construción do novo centro de saúde de Poio e a súa dotación dos medios humanos e materiais necesarios, así como sobre o mantemento e a mellora da atención sanitaria que se está a prestar nos consultorios periféricos de Raxó e Combarro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018
- 1.4 27080 (10/PNC-002089)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención ás persoas con dano cerebral adquirido
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 1.5 27686 (10/PNC-002147)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

1.6

27851 (10/PNC-002160)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, da construción dunha residencia pública para persoas maiores asistidas no concello da Estrada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

1.7

28312 (10/PNC-002223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Noela Blanco Rodríguez

S

María Ángeles García Míguez

P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

Marta Rodríguez Arias

P

María Soraya Salorio Porral

P

Eva Solla Fernández

EM

Julio Torrado Quintela

S

Paula Vázquez Verao

EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 23389(10/PNC-001862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos casos de persoas doentes que padecen enfermidades raras incapacitantes e que non están incluídas no sistema de prestacións previsto no Real decreto 1148/2011, así como o incremento pola Xunta de Galicia da partida orzamentaria destinada á investigación sanitaria

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 10:28
Nº Rexistro: 23389
Data envío: 17/01/2018 10:28:45.482



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O padecemento dunha enfermidade catalogada como rara leva asociados distintos problemas que incrementan a propia gravidade no plano clínico. Estes problemas teñen que ver coas dificultades no diagnóstico e determinación de tratamento por parte do sistema de saúde, provocadas pola imposibilidade de dotar da formación adecuada a todos os especialistas en todas as patoloxías, pero tamén nos últimos tempos polo desleixo neste eido da formación e información ás persoas profesionais do sistema sanitario. A saturación do sistema, que recae fundamentalmente sobre o persoal sanitario obrigando a xornadas maratonianas e de traballo acumulado, sumado ao baixo interese amosado polo Goberno autonómico en promocionar tanto a investigación como a formación e información a difundir, contribúen a rebaixar a capacitación dos profesionais, que vense obrigados a recorrer a outras fórmulas e recursos para actualizarse e manter un alto nivel formativo e de rendemento.

De maneira engadida, os e as pacientes destas enfermidades e, en moitos casos, os familiares que os acompañan e atenden, vense limitados pola lentitude e parálise do sistema para o recoñecemento das dificultades de inserción no mundo laboral ou, en casos de maior grado, no recoñecemento de incapacitacións. Estas situacións son fundamentais pois contribúen a que as familias e os doentes teñan un apoio necesario por parte da administración, en recursos asistenciais e económicos para afrontar realidades que, en moitas ocasións e debido ao exclusivo dalgúns tratamentos, son de difícil ou imposible acceso para moitas familias. O recoñecemento destas prestacións está regulado

a través do Real decreto 1148/2011, que pode limitar o recoñecemento dalgúns casos que serían obxecto natural de axuda por parte da administración, pero que poden atoparse con dificultades.

Estes problemas descritos encamiñan determinadas situacións a atoparse en laberínticos procesos administrativos que levan a solucións baleiras nalgúns ocasións, amosando as gretas do propio sistema. Algúns casos saen a coñecemento público, e outros fican tapados pero continúan a ser un problema para quen os sofre.

É preciso dotar de maiores recursos ao sistema que permitan afrontar as realidades con maior especificidade e axilizar os procesos de recoñecemento, así como favorecer a interpretación normativa en favor daqueles doentes sobre os que quede manifestada unha necesidade real de apoio por parte da administración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que:

1. Contemple de maneira específica os casos de doentes que, con enfermidades notoriamente incapacitantes, non son recoñecidos a través do Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e desenrolo, no sistema da Seguridade Social, de prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.
2. Revise e actualice o catálogo de enfermidades recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e desenrolo, no sistema da Seguridade Social, de prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 10:28
Nº Rexistro: 23389
Data envío: 17/01/2018 10:28:45.482



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comprometer un aumento na partida dedicada nos orzamentos á investigación sanitaria, para finalizar a lexislatura cun aumento dun 20 % dos orzamentos de 2016.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2018 09:23:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2018 09:23:27

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2018 09:23:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2018 09:23:35

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 23644(10/PNC-001873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para
previr e combater a ludopatía entre a mocidade

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23644
Data envío: 18/01/2018 19:00:32.395



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo. O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo. A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicolóxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

En España, o incremento do xogo foi exponencial desde a súa legalización en 1977. O noso país é actualmente, xunto con Alemaña, o que maior gasto en xogo per cápita realiza de Europa, e un dos maiores do mundo. Constátase que despois das máquinas comecartos, os xogos on-line supoñen o maior problema neste eido.

O perfil do xogador on-line é novo, existindo casos de menores que xogan polo fácil que é vulnerar a lei na internet. O xogo en liña constitúese así como a segunda causa de tratamento por adicción ao xogo. A chegada da rede trouxo a un novo tipo de ludópata, a maioría son homes, teñen estudos, e cada vez son máis novos. Ata hai pouco os xogadores empezaban de media aos 28 anos a apostar, na actualidade esa media está xa nos 18 anos. Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on-line e o comezo da adicción é tremendamente curto.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como “*competencia exclusiva da Comunidade, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas*”. Acorde co anterior e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A entrada en vigor da *Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo*, tiña entre os seus obxectivos a protección dos usuarios, a protección dos menores e a protección dos grupos vulnerables. Por iso, correspóndelle ás administracións públicas contribuír a alcanzalos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a previr e combater a ludopatía entre a mocidade poñendo en marcha, entre outras, as seguintes medidas:

1. Habilitar mecanismos de control no risco de máquinas comecartos, con toda a urxencia posible, ao ser o risco de adicción máis estendido.
2. Establecer unha regulación clara, concisa, e estrita sobre os distintos programas de incitación á práctica das diversas modalidades de xogo en liña, incidindo fundamentalmente na regulación da publicidade.
3. Realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, dotadas orzamentariamente, con proxectos dirixidos a menores e que incorporen a perspectiva de xénero.
4. Expor na Comisión de Xogo de Galicia (creado a través da *Lei 14/85, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia*, como órgano de estudo, coordinación e asesoramento das actividades relacionadas coa práctica de xogos e apostas en Galicia) o desenvolvemento de defensa dos sectores máis vulnerables, especialmente os e as menores, aplicando o principio de responsabilidade da Administración para que se



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 23644
Data envío: 18/01/2018 19:00:32.395



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

establezan mecanismos de regulación de obrigado cumprimento,
priorizando os intereses da sociedade en xeral e non só os
intereses dos axentes económicos.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/01/2018 18:57:39

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2018 18:57:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/01/2018 18:57:49

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 26416(10/PNC-002041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a axilización polo Goberno galego da construción do novo centro de saúde de Poio e a súa dotación dos medios humanos e materiais necesarios, así como sobre o mantemento e a mellora da atención sanitaria que se está a prestar nos consultorios periféricos de Raxó e Combarro

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:34
Nº Rexistro: 26416
Data envío: 19/02/2018 11:34:52.445

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As listas de agarda nos Centros de Saúde de Combarro e Anafáns estanse incrementando como consecuencia da decisión da Xunta de Galiza de non substituír ao persoal sanitario cando está de baixa ou de permiso. Hai esperas de máis de doce días para unha consulta co médico de cabeceira e para as analíticas. Moitas persoas que precisan dun seguimento personalizado agora non poden ser atendidas, ocasionando trastornos no seu tratamento, e en moitos casos vense obrigadas a acudir as Urxencias, co conseguinte colapso deste servizo. O persoal sanitario está a soportar unha sobrecarga de traballo, chegando mesmo a prolongar a súa xornada laboral, ao ter que atender o cupo de compañeiros.

2. O concello de Poio leva xa demasiado tempo esperando por un Centro de Saúde dotado de medios materiais e humanos como correspondería para unha poboación de máis de 17.000 habitantes que no período de verán duplícase. Pero a falta de compromiso da Xunta de Galiza coa Atención Primaria está a deteriorar gravemente a asistencia sanitaria no Concello de Poio. Para dar resposta a esta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:34
Nº Rexistro: 26416
Data envío: 19/02/2018 11:34:52.445

situación e corrixir as graves carencias que existen na actualidade, a Consellaría de Sanidade debe axilizar os trámites para a construción do Centro de Saúde que se merece Poio, e ademais debe asumir o compromiso de manter as actuais infraestruturas sanitarias de Combarro e Raxó.

3. A reforma da Lei de Saúde de Galiza que o PP pretende levar adiante, en contra dunha maioría de cidadáns que así o manifestaron o pasado día 4 en Santiago, ven agravar aínda máis as carencias da Atención Primaria, restándolle recursos materiais e humanos. O Partido Popular está empeñado en cambiar o actual modelo de sanidade pública gratuíta e universal por un sistema privatizado, detraendo recursos económicos públicos e transferíndoos ao sistema privado a través de concertos e desvío de doentes do sistema público. A Reforma da Lei de Saúde que propón está pensada para dotar ao SERGAS de mecanismos legais que permitan baleirar o actual sistema público en beneficio da sanidade privada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Axilizar a construción do novo centro de saúde de Poio, dotado cos medios materiais e humanos que corresponden a unha poboación de 17.000 habitantes que se duplica no verán.

2. Manter os consultorios periféricos de Raxó e Combarro, tal e como ven reclamando a corporación Municipal de Poio.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:34
Nº Rexistro: 26416
Data envío: 19/02/2018 11:34:52.445

3. Mellorar a atención sanitaria que se presta nos centros de saúde de Raxó e Combarro, substituíndo o persoal sanitario cando está de baixa ou permiso.”

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2018 11:29:22

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 11:29:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/02/2018 11:29:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 19/02/2018 11:34

Nº Rexistro: 26416

Data envío: 19/02/2018 11:34:52.445

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2018 11:29:34

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2018 11:29:36

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 11:29:43

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 27080(10/PNC-002089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención ás persoas con dano cerebral adquirido

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27080
Data envío: 28/02/2018 13:06:29.942

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á posta en marcha dunha estratexia galega de atención as persoas con dano cerebral adquirido.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dano cerebral adquirido é a lesión que se produce no cerebro de forma súbita como consecuencia dun accidente ou enfermidade. As principais causas son o ictus (78% dos casos), os traumatismos craneoencefálicos e outras causas como os tumores cerebrais, a falta de osíxeno no cerebro, etc. O 65% das persoas con DCA teñen máis de 65 anos. Hai anos eran os traumatismos craneoencefálicos resultados de accidentes. Hoxe é a primeira causa de discapacidade e dependencia en persoas adultas, segundo un estudio que realizou FEDACE (Federación Española de Dano Cerebral).

En Galiza son máis de 35.000 as persoas afectadas e aumentan en case 7.000 novos casos cada ano.

Estímase que até nun 89% dos casos de dano cerebral producen secuelas que provocan dependencia. Aínda que se dan problemas físicos, algúns severos, a maior parte das secuelas teñen que ver con problemas de memoria, problemas de comunicación, alteracións da conduta, alteracións emocionais, estados



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27080
Data envío: 28/02/2018 13:06:29.942

prolongados de coma etc. Son secuelas invisíbeis, que non se perciben a primeira vista e que, a ollos de quen non coñece o DCA, resultan difíceis de entender.

Aínda non existe un recoñecemento pleno do DCA no ámbito científico, sanitario, administrativo ou xurídico, co que, algo tan real como son as secuelas (físicas, sensitivas e sensoriais, cognitivas, comunicativas etc) derivadas dunha lesión no cerebro, non teñen entidade administrativa e sanitaria propia. Sanitariamente, por exemplo, se parcializa o DCA en función das súas causas (ictus, traumatismo...) obviando as secuelas. Esta situación ten graves consecuencias prácticas, que van desde a clasificación do DCA como deficiencia física esquecendo outras secuelas, e polo tanto non accedendo a recursos de rehabilitación específico, o non recoñecemento da súa cronicidade como enfermidade, a inexistencia dun código DCA á alta hospitalaria ou a clasificación exclusivamente como discapacidade física no SAAD, Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia e no de servizos sociais.

Esta situación provoca moitas veces a falta dunha atención axeitada en tempo e forma para minorar as secuelas, problemas para o recoñecemento de prestacións, de apoios para a normalización das relacións familiares, sociais e laborais etc.

No tratamento do DCA o tempo de resposta á hora de comezar coa rehabilitación é fundamental para reducir as secuelas. As listas de espera para iniciar a terapia nalgúns especialidades supoñen perder tempo vital para reducir as secuelas. Isto tería como consecuencias positivas que as persoas coidadoras terían menos cargas e avanzaríamos en aspectos como a incorporación laboral.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27080
Data envío: 28/02/2018 13:06:29.942

Estas son demandas que nos son trasladadas desde o movemento asociativo do Dano Cerebral Adquirido, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha dunha estratexia galega de atención as persoas con dano cerebral adquirido, para que contén de maneira integral con atención sanitaria, psicolóxica, de reinserción social e laboral e permita poñer en marcha estas medidas de forma coordinada entre todas as Administracións implicadas na atención ao colectivo. De xeito inmediato procederase a:

-Crear a categoría diagnóstica “*Dano Cerebral Adquirido*” que poña en marcha este proceso de rehabilitación especializada á alta hospitalaria.

-Crear un censo de persoas con DCA para dimensionar de forma adecuada os recursos necesarios.

-Garantir a atención en tempo e forma, sen listas de espera, para evitar secuelas derivadas das demoras na rehabilitación.”

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27080
Data envío: 28/02/2018 13:06:29.942

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2018 12:59:51

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2018 12:59:56

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/02/2018 12:59:57

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2018 12:59:59

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2018 13:00:00

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2018 13:00:02

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 27686(10/PNC-002147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de
Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios
demandados polo persoal do centro

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**

Exposición de motivos

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, se non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores ás que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado o uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.



Pese ás reunións mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisíbel tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar as urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago dos medios materiais e humanos necesarios demandados polo persoal do centro.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 10:46:23

Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 10:46:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 10:49
Nº Rexistro: 27686
Data envío: 12/03/2018 10:49:43.864

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 27851(10/PNC-002160)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, da construción dunha residencia pública para persoas maiores asistidas no concello da Estrada

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello da Estrada a Xunta dispón dunha residencia de atención á terceira idade con 40 prazas, para persoas con autonomía.

O pleno do Concello da Estrada aprobou por unanimidade o 2 de novembro de 2017, a petición do grupo municipal “Móvete”, reclamar á Xunta unha residencia de atención a persoas maiores dependentes, de xestión pública, na Estrada, que dea servizo tanto ao Concello como a toda a comarca, unha petición respaldada por 1500 sinaturas da veciñanza estradense. Ademais, o Concello dispón de terreos para unha infraestrutura destas características.

O alcalde da Estrada fixo declaracións en relación á posta a disposición dun terreo municipal para a construción dunha residencia por parte dunha empresa privada, engadindo que considera que é suficiente que esta conte cunha porcentaxe reservada de prazas concertadas.

En Galicia hai unha lista de agarda de persoas maiores para residencias da terceira idade públicas que oscila nos últimos anos entre 1500 e 2000 prazas, aínda tendo as residencias da terceira idade prazas vacantes.



O índice de cobertura de prazas de residencias para persoas maiores en Galicia é moi inferior ao do resto do Estado, sendo a rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 ou máis anos de 3,2, fronte ao 4,3 da media estatal, sendo a quinta Comunidade Autónoma do Estado cunha rateo máis baixa. Neste eido, afóndase nun modelo privatizador: Galiza é a CA con maior porcentaxe de prazas privadas no conxunto das prazas de residencias da 3ª idade (un 67% son prazas privadas, cando no conxunto do Estado as prazas públicas pasan do 50%) e estas prazas costan de media un 8% máis que unha praza pública xestionada directamente.

O Concello da Estrada ten 20.700 habitantes (2017), dos cales máis do 27% teñen máis de 65, tendo unha taxa de avellentamento que supera a media galega, mentres a taxa de fertilidade está en 1,21 fillos/as por muller.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar, antes de 2020, a construción dunha residencia de xestión pública para persoas maiores asistidas no Concello da Estrada.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 09:45
Nº Rexistro: 27851
Data envío: 14/03/2018 09:45:35.845

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 14/03/2018 09:30:05

Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 09:30:12

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 28312(10/PNC-002223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 17:13
Nº Rexistro: 28312
Data envío: 21/03/2018 17:13:25.525

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Marián García Míguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Sandra Vázquez Domínguez e Aurelio Núñez Centeno** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A violencia sexual, os abusos sexuais e o acoso sexual son formas de violencia de xénero tal e como recoñece o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A aprobación unánime desta lei, estando o Grupo Popular na oposición, amosa que hai posibilidade de avanzar na protección das vítimas mediante medidas de consenso cando hai xenerosidade dende a oposición.

No Pleno do pasado 20 de marzo este Grupo fixo, a través dunha emenda, unha proposta sobre a protección das vítimas das violencias sexuais que non foi acollida con esa xenerosidade por parte da oposición.

A nosa intención, sen embargo, é sacar adiante estas medidas e por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Crear un grupo de traballo dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, sobre a prevención, sensibilización, detección e información sobre as violencias sexuais.
 - o Que deste grupo de traballo formen parte todas as administracións, colectivos e asociacións especializadas.
 - o Que se elabore un protocolo de acoso sexual para difundir e por en marcha nas empresas galegas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 17:13
Nº Rexistro: 28312
Data envío: 21/03/2018 17:13:25.525

- Que se difunda e dea a coñecer o servizo xa existente na páxina web da Xunta de Galicia, dentro do mapa de recursos, concretamente o referido á Área de violencia de xénero: <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>.
- 2. Seguir ofrecendo atención especializada ás vítimas de violencia de xénero, entre as que se inclúen as vítimas de violencias sexuais, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 3. Elaborar unha macroenquisa galega sobre a incidencia da violencia de xénero ao longo do ciclo da vida das persoas.
- 4. Levar adiante un programa específico para o persoal da administración pública en materia de prevención do acoso sexual.
- 5. incluír a información referida ás violencias sexuais dentro do Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, que se presenta no Parlamento de Galicia.
- 6. Incrementar no vindeiro exercicio orzamentario o presuposto consignado á Igualdade de xénero, así como a prevención e intervención no ámbito da loita contra a violencia de xénero”.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/03/2018 17:08:02

Paula Prado Del Río na data 21/03/2018 17:08:18

María Ángeles García Míguez na data 21/03/2018 17:08:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/03/2018 17:08:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/03/2018 17:08:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/03/2018 17:09:06

Marta Rodríguez Arias na data 21/03/2018 17:09:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 17:13
Nº Rexistro: 28312
Data envío: 21/03/2018 17:13:25.525

María Soraya Salorio Porral na data 21/03/2018 17:09:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/03/2018 17:09:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/03/2018 17:09:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com